

8 DE MARZO

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo é un día que celebra os dereitos conquistados polas mulleres en tódolos ámbitos e conmemora a longa historia de loitas e sacrificios para conseguilos.

Por que o 8 de marzo? Feitos que sucederon a esta data

.En marzo 1857 as traballadoras dunha fábrica téxtil de Nova Iorque protestan nas rúas en masa polas duras condicións de traballo e pola precariedade que se cebaba especialmente coa parte feminina do sector, cuxos salarios eran a metade que o dos homes só polo feito de ser mulleres. As protestas remataron coa intervención violenta da policía contra as manifestantes, pero aquela manifestación sentou un primeiro precedente grazas á súa gran percusión.

O 22 de agosto de 1907 celebrouse en Alemaña a primeira Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, onde se fundou a Internacional Socialista de Mulleres, organización liderada por Clara Zetkin e un grupo de 58 delegadas. Un dos seus primeiros obxectivos era o sufraxio feminino.

O 8 de marzo de 1908 cerca de 130 traballadoras da fábrica téxtil *Cotton* de N. Iork, declarábanse en folga ocupando a fábrica reivindicando conseguir unha xornada laboral de 10 horas, salario igual ó dos homes e unha mellora nas condicións hixiénicas. O dono da empresa ordenou pechar as portas e provocar un incendio coa intención de que as empregadas desistiran da súa actitude, sen embargo, as chamadas estendéronse e non puideron ser controladas, morrendo as mulleres abrasadas no interior da fábrica.

O 28 de febreiro de 1909 celébrase en N. Iorque por primeira vez o Día Nacional da Muller, organizado polas mulleres socialistas na honra á folga das traballadoras téxtiles de 1908. Unhas 15.000 mulleres marcharon pola cidade de N. Iorque esixindo unha redución da xornada laboral, mellores salarios e dereitos de voto.

En **1910**, na II Conferencia Internacional Socialista de Mulleres, reunida en Copenhage, reiterouse a demanda de sufraxio universal para todas as mulleres e se realizou a proposta de fixar un día simbólico, en torno ó 8 de marzo, que servira para reivindicar os dereitos de tódalas mulleres, principalmente o dereito ó voto. En España, o 8 de marzo de 1910 é tamén unha data especial, pois a partir dese día a muller puido acceder á Ensinanza Superior en igualdade de condicións que o home, cando se aprobou unha Real Orde que autorizou “por igual a matrícula de alumnos e alumnas”, pouco despois de que Emilia Pardo Bazán fora nomeada conselleira de Instrución Pública.

En **1911** celebrouse por primeira vez o Día Internacional da Muller o 19 de marzo nalgúns países europeos como Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza, con mitins ós que asistiron mais de un millón de persoas, que esixiron para as mulleres o dereito de voto e o de ocupar cargos públicos, o dereito ó traballo, á formación profesional e á non discriminación laboral.

O 25 de marzo de 1911, só tres anos despois do incendio da fábrica *Cotton*, na Gran Mazá de N. Iorque, a fábrica de camisas *Triangle Shirtwaist* ardeu de madrugada con centenaes de mulleres que traballaban no interior de aquel edificio de dez plantas e que non puideron escapar das chamas porque os propietarios bloquearan tódolos accesos para evitar roubos e movementos obreiros. Este incendio custoulle a vida a 23 homes e 123 mulleres, a maioría xoves inmigrantes de Europa do Este e Italia, de entre 14 e 23 anos de idade.

En 1914 en Alemaña, Suecia e Rusia, conmemórase por primeira vez, de modo oficial, o Día Internacional da Muller o 8 de marzo. No resto de Europa, as mulleres celebraron mitins en torno ó 8 de marzo para protestar pola guerra e para solidarizarse coas demais mulleres.

Os grandes conflitos dunha centena de anos tan convulsa como o século XX axudaron a afianzar o papel da muller, e ó longo das seguintes décadas moitas organizacións de mulleres de outros países fóronse unindo ás reivindicacións que se levaban a cabo durante o mes de marzo.

En 1975, a ONU recoñeceu o día de maneira oficial, celebrando o Ano Internacional da Muller.

Aínda que o Día Internacional da Muller é celebrado o 8 de marzo en todo o mundo, non o era en Estados Unidos. Será en **1994** cando Beata Pozniak, unha actriz inmigrante de Polonia, reivindicará, mediante solicitude ó Congreso de Estados Unidos o recoñecemento do Día Internacional da Muller en Estados Unidos o 8 de marzo.

Na actualidade, durante esta xornada, organízanse marchas e manifestacións en todo o mundo para denunciar que aínda queda moito camiño por percorrer ata alcanzar esta desexada **igualdade real** entre homes e mulleres. As mulleres debemos ser conscientes da importancia que ten estar unidas e apoiarnos entre nos, para continuar este camiño que tanto lle custou a moitas outras que non deben ser esquecidas, pois grazas a elas desfrutamos hoxe dos dereitos que temos.

“Homes, os seus dereitos e nada mais; mulleres, os seus dereitos e nada menos...”
Susan B. Anthony (1829-1906). Loitadora social estadounidense.

“O feminismo non se trata de facer ás mulleres fortes, elas xa o son. É sobre cambiar como percibe o mundo esa forza”
G.D. Anderson. Escritora australiana

“ Calquera muller que entenda os problemas de levar unha casa está moi preto de entender os de levar un país”
Margaret Thatcher (1925-2013). Política británica.

“¡Venciches muller! Con non deixarte vencer”.
Pedro Calderón de la Barca (1600-1681). Poeta español

“O problema da muller sempre foi un problema de homes”.
“Non se nace muller, chégase a selo”
Simone De Beauvoir (1908-1986). Intelectual francesa.

